



ACTA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DE SOCIOS DA A.D. NATURAL

En Ribadavia a 1 de Marzo de 2019

Ás 20:00 h. en 2ª convocatoria no Local Social de San Cristovo (Campo do Souto), Ribadavia, reúnese a Asamblea Xeral Extraordinaria de socios da Agrupación Deportiva Natural, previa convocatoria e co seguinte orde do día:

1. Elección de Presidente.

Asisten os seis socios de número que se relacionan a continuación,

Como membros da Xunta Electoral:

- Presidente: D. José Manuel Otero Vázquez.
- Secretario: D. Pedro Bolaño Pérez.
- Vogal: D. Francisco Rodríguez Bejarano.

Xunto con: Roi Juan López Muriel, Miguel Fernández Vázquez e Gabriel Fernández Vázquez.

1. Toma a palabra o Presidente da Xunta Electoral D. José Manuel Otero Vázquez e informa aos asistentes sobre o desenvolvemento e resultado do proceso electoral.

O 17 de Febreiro de 2019 enviouse a todos os socios con dereito a voto a Convocatoria de Eleccións a Presidencia da A.D. Natural de Ribadavia que se adxunta a esta acta ao tempo que se publicaba na páxina web do club. A convocatoria incluía o calendario e censo electoral. Tal e como se indicaba no calendario electoral hoxe 1 de Marzo de 2019 celébrase a Asamblea Xeral Extraordinaria para a elección de Presidente.



Tras cumprirse os prazos establecidos soamente se presentou un socio como candidato para ocupar a Presidencia durante os próximos 4 anos, polo que non se ten que efectuar votación. O único candidato presentado é D. Roi Juan López Muriel con DNI



76711268-N e dado que cumpre tódolos requisitos esixidos procede proclamar como novo Presidente da Agrupación Deportivo Natural a D. Roi Juan López Muriel para o período 2019-2023.

Tódolos socios asistentes dan a súa conformidade ó proceso e a elección como Presidente de D. Roi Juan López Muriel refrendando a súa proclamación.

D. Roi Juan López Muriel acepta o cargo tomando posesión dende a data de hoxe e agradece o apoio de tódolos socios, en especial ao presidente saínte D. Gabriel Fernández Vázquez. A continuación informa aos asistentes de que a composición da nova Xunta Directiva será a seguinte:

1. Vicepresidente: D. Francisco Rodríguez Bejarano con DNI 34948225-R.
2. Secretario: D. Gabriel Fernández Vázquez con DNI 44475995-K.
3. Tesoureiro: D. César Manuel Fernández Gil con DNI 44476387-E.
4. Vogal de Xestión do Couto de Ribadavia: D. Miguel Fernández Vázquez con DNI 44475994-C.
5. Vogal de Auga Doce: D. Pedro Bolaño Pérez con DNI 76731055-L.
6. Vogal de Salmónidos Lance: D. Jose Ramón Villar Riveiro con DNI 34963175-R.
7. Vogal de Salmónidos Mosca e Xuventude: D. Jose Manuel Otero Vázquez con DNI 34984911-W.
8. Vogal de Mar-Costa: Jose Manuel Dieguez Freijedo con DNI 36030285-A.
9. Vogal de Black-Bass: D. Marcos Aceña Berrocal con DNI 44491386-W.

O Presidente electo da por concluída a Asamblea sendo ás 20:30 h.

Eu D. Pedro Bolaño Pérez, como secretario da Xunta Electoral dou fé co visto bo do Presidente electo como proba da súa aceptación do cargo. Ambos asinamos esta acta xunto co resto de membros da Xunta Electoral.